

Revista eumesa de estudos “Cátedra”, Vol. XVI,
2009, 450 pp.

Xesús Andrés López Calvo


O pasado 26 de xuño, na Casa da Cultura de Pontedeume (antigo convento renacentista de frades agostiños), o profesor de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago, Don Emilio Grandío Seoane, presentou o volume XVI deste anuario, que xa é en Galicia, entre outros máis, un referente dunha liña de investigación e publicación no eido da historia local.

Editada polo Concello de Pontedeume e con una tirada de mil exemplares “Cátedra” é o resultado final da acción dun grupo de estudiosos –que superan o anacrónico concepto de eruditos locais- unidos entre si na pescuda de fontes documentais subministradoras de información para novos enfoques que superen o costumbrismo e acheguen á microhistoria e á xusta comprensión das mentalidades e das ideas.

Desta volta, o número correspondente a 2009, inclúe 18 colaboracións inéditas e un apéndice que reproduce a voz “Pontedeume” en singulares Dicionarios Xeográficos do século XIX (o “Madoz” e o “Miñao”), dentro dunha sección denominada “Escolma da nosa historia”.

Os títulos das achegas pódense distribuír, pola súa temática, en catro seccións:

Historia e Xeografía: “Centenario do asociacionismo mariñeiro eumés”; “San Rosendo e Caaveiro, entre o mito e a realidade”; “O simbólico e o imaxinario do mundo señorial: os Andrade”; “Un documento inédito: nuevos apuntes para la historia de Pontedeume”; “Don Bartolomé Rajoy y Losada. A outra face do arcebispo na documentación privada”; “De Cabanas ao Brasil: noticia de Matías Fernández Murias”; “A sinecura de San Martiño de Andrade e a familia Beltrán de Anido”; “Pedro Ribera y Pardo: un clérigo de Pontedeume en las Cortes de Cádiz”; “O deputado Andrés Rojo del Cañizal: traxectoria vital e compromiso político (1783-1858)”; “El castillo de Andrade o de Nogueirosa”; “O cólera de 1854-55 en Pontedeume”; “Novas de Pontedeume publicadas en La Voz de Galicia en 1909”; “Los Díaz de Andrade o Díaz de Santa Marta, principais de la Casa de Andrade”.



Historia da Arte: “Pontedeume: aproximación a su arquitectura de los años cuarenta y cincuenta del siglo XX”; “O Cristo de descendemento. Confraría de Xesús nazareno e soidade da Nosa Dona en Ares – Lubre”; “Noticia de Macario Gallego, pintor de Pontedeume en Ourense”.

Etnografía: “Análise etnográfica e antropolóxica da obra do artista eumés Abelardo Miguel” (Premio de investigación “Concello de Pontedeume” 2008).

Lingua e Literatura: “Xardín do Pasatempo: outra infancia de Ramiro Fonte”.

Como se observa pola nómina de colaboracións, son contidos preferentes das mesmas as institucións radicadas nas terras do Eume: como por exemplo, os Andrade e o Mosteiro de Caaveiro; As biografías de eumeses ilustres: Os eclesiásticos Rajoy y Losada e Pedro Ribera y Pardo; os artistas Abelardo Miguel e Macario Gallego; o escritor Ramiro Fonte; os políticos Beltrán de Anido e Rojo del Cañizal; o emprendedor Fernández Murias; a expresión local dalgún acontecemento xeral: a influencia do cólera a mediados do século XIX e, como non, a historia do patrimonio artístico local (o castelo de Nogueirosa e o Cristo de Ares-Lubre).

En xeral, o que facer de tódolos autores, aínda que amosan o seu lexítimo e persoal selo de identidade metodolóxica, é o presente. As súas investigacións non son unhas crónicas ou historias do pasado, senón o intento de presentar ós homes e mulleres de distintas épocas, manipuladores por natureza, comprometidos na expresión local dos acontecementos universais.

Este novo volume de “Cátedra” é, un ano mais, unha xenerosa e desinteresada contribución á comprensión e coñecemento histórico das terras do Eume, que xerará estima ás poboacións que nelas se asentán, á súa trama urbana, ó seu medio natural cheo de beleza e significación que, de seguro, propiciará o incremento das demandas pola súa protección.

